CA3.8 - Coñecer o funcionamento das bibliotecas de aula, de centro e das virtuais, participando nas actividades organizadas e interesarse por manter e ampliar unha biblioteca propia con textos tradicionais da literatura galega.	Usa as bibliotecas de centro, de aula e a dixital participando no seu bo mentemento		
CA3.10 - Construír, a través da linguaxe e de forma progresiva, un pensamento crítico para evitar discriminacións e prexuízos.	Constrúe un pensamento crítico no uso da lingua en canto á evitación de discriminacións.		
CA3.11 - Rexeitar os usos lingüísticos discriminatorios e a discriminación polo uso da lingua galega, e identificar os abusos de poder a través da palabra a partir da reflexión grupal acompañada sobre os aspectos básicos, verbais e non verbais, da comunicación, tendo en conta unha perspectiva de xénero.	Rexeita os usos lingüísticos discriminatorios e a discriminación polo uso da lingua galega		
CA4.2 - Compartir os resultados dun proceso de investigación sinxelo, individual ou grupal, sobre algún tema de interese persoal, realizado de maneira progresivamente autónoma, que implique a localización, selección e contraste de información de distintas fontes, incluídas as dixitais.	Comparte con linguaxe verbal, con medios plásticos ou dixitais básicos os resultados dun proceso de investigación sinxelo realizado de forma individual ou grupal		
CA4.3 - Utilizar a biblioteca de aula e centro para localizar lecturas axeitadas ao seu gusto persoal e intereses, aplicando as normas básicas do seu funcionamento.	Usa adecuadamente a biblioteca de aula facendo na mesma unha lectura ou consulta efectiva.		
CA4.4 - Adoptar hábitos de uso crítico, seguro, sustentable e saudable das tecnoloxías da información e da comunicación para a procura e tratamento guiado da información.	Amosa un uso seguro das tecnoloxías da información e da comunicación e do material de aula empregado para tales fins.		
CA4.5 - Ler de maneira autónoma ou acompañada textos de diversas fontes de información que empreguen a lingua galega acordes cos seus intereses, avanzando na construción da súa identidade lectora.	Elixo autónomamente textos en galego, avanzando na construción da súa identidade lectora.		
CA4.6 - Compartir oralmente a experiencia de lectura, participando, de forma acompañada ou autónoma, en comunidades lectoras de ámbito escolar.	Compartir oralmente o contido e opinión sobre unha lectura realizada voluntariamente.		
CA5.1 - Ler de maneira autónoma textos de diversos autores e autoras da literatura galega, axustados aos seus intereses, fomentando o gusto pola lectura, avanzando na construción da súa identidade lectora e facendo valoracións persoais das obras literarias de forma guiada.	Elixo autónomamente textos de diversos autores e autoras da literatura galega axustados aos seus intereses.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA5.2 - Compartir a experiencia de lectura, en soportes diversos, mediante a realización de actividades literarias e participando na comunidade lectora escolar.	Participa en clubs lectores do centro escolaer.		
CA5.3 - Valorar os textos literarios e a literatura en xeral e especialmente en lingua galega como vehículo de comunicación e como fonte de lecer e información.	Valora e emprega os textos literios como fonte de lecer e información		
CA5.4 - Identificar a biblioteca da aula ou do centro como escenario de actividades literarias compartidas.	Participa nas activaidasdes grupais da Hora de ler.		
CA5.5 - Incorporar a lectura expresiva e a comprensión de textos literarios narrativos, líricos e dramáticos en lingua galega na práctica escolar.	Le coa entonación correcta textos narrativos, poéticos e teatrais en galego.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Valoración social equilibrada das dúas linguas oficiais de Galicia. - A diversidade etnocultural e lingüística como riqueza e ferramenta de reflexión lingüística para achegarse á súa contorna. - Uso dunha linguaxe non discriminatoria e respectuosa coas diferenzas, tendo unha perspectiva de xénero. - Xéneros discursivos - Estratexias para a adquisición de destrezas básicas sobre xéneros discursivos propios do ámbito persoal, social e educativo (contido e forma). - Intención comunicativa e claves da tipoloxía textual básica: narración, descrición, diálogo. - Interese pola ampliación de vocabulario para unha mellor comunicación oral en distintas situacións. - Estratexias para a coherencia e a cohesión á hora de expresarse oralmente en lingua galega. - Procesos: interacción oral - Interacción oral adecuada en situacións de aula e en contextos formais e informais elementais, mobilizando estratexias básicas de cortesía lingüística e asertividade. - Procesos: comprensión oral - Comprensión global e específica e identificación das ideas máis relevantes de textos orais de diversa tipoloxía e procedentes de diversas fontes (gravacións, medios de comunicación, escoita oral de contos infantís), realizando as inferencias necesarias. - Audición, dramatización e reprodución de textos adecuados ao nivel que estimulen intereses e gustos. - Estratexias para a utilización da linguaxe oral como instrumento de comunicación e aprendizaxe (escoitar, recoller datos e preguntar) e para a identificación e interpretación do sentido global do texto e de integración da información explícita de textos orais e multimodais sinxelos. - Detección de posibles usos discriminatorios da linguaxe verbal e non verbal e de discriminación polo uso do galego como lingua de comunicación. - Procesos: produción oral - Produción de textos orais sinxelos de diferente tipoloxía, atendendo á súa intención comunicativa. Pronuncia e entoación adecuadas atendendo á particularidade fonética da lingua galega.

Contidos

- Construción, valoración e comunicación de coñecemento mediante a planificación e produción acompañada de textos orais e multimodais.
- Creación de textos orais utilizando unha linguaxe verbal non discriminatoria e respectuosa coas diferenzas.
- Contexto
- Xéneros discursivos
- Estratexias para a comprensión lectora de textos da literatura galega axeitados á súa idade.
- Estratexias para a adquisición de destrezas básicas sobre xéneros discursivos propios do ámbito persoal, social e educativo (contido e forma).
- Elementos básicos de contido (tema, fórmulas fixas, léxico) e forma (estrutura, formato, título, imaxes).
- Intención comunicativa e claves da tipoloxía textual básica: narración, descrición, diálogo e exposición.
- Estratexias para a coherencia e a cohesión na produción e reprodución de textos escritos en lingua galega.
- Procesos: comprensión lectora
- Lectura individual ou acompañada de distintos tipos de textos, con entoación e ritmo adecuados ao desenvolvemento cognitivo.
- Estratexias básicas de comprensión do sentido xeral e identificación das ideas máis relevantes de textos escritos en lingua galega, realizando as inferencias necesarias.
- Elementos gráficos, textuais e paratextuais progresivamente complexos que favorecen a comprensión antes, durante e despois da experiencia lectora.
- Estratexias básicas de uso de fontes documentais diversas, tanto en papel como dixitais, para mellorar a comprensión dos textos.
- Valoración e aprecio da lectura, especialmente en lingua galega, como medio para ampliar o vocabulario e consolidar a ortografía correcta.
- Comprensión de textos diversos, adecuados á súa idade, lidos en voz alta e en silencio, empregando a lectura como medio para ampliar o vocabulario e consolidar a ortografía correcta.
- Uso da biblioteca para a lectura dos libros propostos, na procura de información e utilización desta como fonte de información e lecer.
- Coñecemento da organización e funcionamento das bibliotecas da aula, do centro e das virtuais e participación nas actividades organizadas. Interese por manter a biblioteca propia e persoal, ampliando os seus fondos con textos propios da literatura galega.
- Procesos: produción escrita
- Aplicación progresiva das normas ortográficas básicas e cohesión do texto: mantemento do tempo verbal, puntuación, concordancia básica e acentuación.
- Creación de textos breves utilizando a lingua galega con intención informativa: carteis, anuncios, pequenos cómics.
- Modelos e estratexias elementais, individuais ou grupais, de planificación, redacción, revisión e edición de textos escritos e multimodais sinxelos, en diferentes soportes (incluíndo os dixitais), con distintos propósitos comunicativos.
- Produción de textos escritos e multimodais sinxelos, coherentes e con presentación coidada, utilizando en cada situación, o modelo discursivo que corresponda e progresando no uso de normas ortográficas.
- Estratexias básicas de uso de fontes documentais diversas, tanto en papel como dixitais, para mellorar a expresión escrita en lingua galega e a elaboración de textos.
- Uso de elementos gráficos e paratextuais básicos que faciliten a organización e comprensión do texto.
- Valoración da propia produción escrita, así como a produción escrita dos compañeiros e compañeiras.

Contidos

- Uso dunha linguaxe non discriminatoria e respectuosa coas diferenzas.
- Estratexias básicas na procura guiada da localización, selección e contraste de información recollida de distintas fontes, citándoas e recreándoas mediante a adaptación creativa de modelos dados.
- Estratexias e técnicas para comparar e clasificar a información.
- Identificación e valoración crítica das mensaxes e da información recollidas e transmitidas de distintas fontes e de distintos tipos de texto.
- Modelos explícitos para reelaborar a información.
- Comunicación creativa do coñecemento, con respecto pola propiedade intelectual das obras de escritores e escritoras galegos e galegas.
- Utilización da biblioteca e dos recursos dixitais da aula ou do centro como fonte de información, aprendizaxe e lecer.
- Utilización das tecnoloxías da información e da comunicación de modo eficiente e responsable para elaborar e presentar as súas producións, adoptando hábitos de uso crítico, seguro, sustentable e saudable.
- Construción da identidade lectora a partir de lecturas de textos en galego procedentes de diversas fontes de información.
- Colaboración en comunidades lectoras de ámbito escolar a través de experiencias lectoras compartidas.
- Lectura acompañada e comentada de diversos textos literarios en lingua galega, adecuados aos seus intereses e organizados en itinerarios lectores.
- Construción da identidade lectora a través da lectura de textos da literatura galega. Estratexias para a expresión de gustos e intereses e iniciación á valoración argumentada das obras.
- Estratexias básicas para a interpretación acompañada e compartida das obras en galego, a través de conversacións literarias, participando activamente na comunidade lectora escolar.
- Valoración dos textos literarios da literatura en calquera lingua como vehículo de comunicación, como fonte de coñecemento da contorna, doutros mundos, tempos e culturas e como gozo persoal.
- Funcionamento da biblioteca da aula ou do centro como escenario de actividades literarias compartidas.
- Lectura expresiva, dramatización ou interpretación de fragmentos, atendendo aos procesos de comprensión e ao nivel de desenvolvemento.
- Comprensión, memorización e recitado de poemas, progresando no ritmo, entoación e dicción.
- Mecanismos de coherencia e cohesión elementais, con especial atención ás repeticións e sinónimos, á orde de oracións e parágrafos, aos diferentes conectores gramaticais e textuais explicativos e ás substitucións pronominais como mecanismo gramatical elemental e referencia interna.
- Ortografía: utilización das regras básicas de ortografía e puntuación.
- Recoñecemento das distintas clases de palabras e características do seu uso en situacións concretas de comunicación (substantivo, verbo, adxectivo, preposición, adverbio, pronomes e artigos) e utilización das regras básicas de ortografía e puntuación.

4.1. Concrecións metodolóxicas

Na área de Lingua Galega e Literatura o alumnado debe avanzar na utilización da lingua como instrumento de comunicación oral e escrita, de representación, interpretación e comprensión da realidade. Necesitamos dotar o alumnado de ferramentas para que poidan desenvolverse en múltiples contextos dominando a lingua oral e escrita de forma funcional. Centramos a orientación nesta área na adquisición de habilidades imprescindibles para o desenvolvemento da capacidade de comprensión dos alumnos e alumnas, sempre a través de apoios graduais e partindo da realidade máis inmediata do neno.

Partindo da necesidade de fomentar da oralidade en galego, a metodoloxía encamiñárase a proporcionarlles

recursos de comunicación, principalmente da oral.

- Comunicación oral: mediante a participación na clase favorecese a ampliación e utilización do vocabulario, a expresión de experiencias persoais, a formulación de conxecturas e hipóteses, etc. A mestra fomentará distintos tipos de situacións de comunicación oral condicionados a cada nivel e momento. Intentaremos que o alumnado valore a riqueza cultural á que temos acceso ao nacermos bilingües por contorna, á necesidade e obriga de dominar os nosos dous idiomas, en especial o que nos distingue do resto do territorio e que precisa de nós para manterse.

-A escritura: integramos o proceso de adquisición desta destreza a través do coñecemento previo da oralidade, do vocabulario, das estruturas gramaticais en galego e das de cada tipo de composición escrita. Desenvolveremos a tipoloxía textual, co fin de que o alumno sexa capaz de producir composicións individuais de distinta índole; ademais aprenderá a facer esquemas e resumos, que lle axudarán a extraer as ideas principais dun texto. O contexto de aprendizaxe partirá da motivación e abordarse de xeito progresiva.

-A lectura: presentáralles de xeito que o lido sexa atractivo e se axuste aos seus intereses para acadar a correcta eficacia lectora para o seu nivel pretendemos mediante a presentación de textos moi variados que o alumnado chegue a discriminar os elementos constituíntes dos distintos tipos de lectura (títulos, portadas, capítulos, etc..)

- Presentamos os coñecementos específicos de tipo gramatical e ortográfico como recursos necesarios para a expresión, con utilidade y aplicación práctica. Isto favorece a súa asimilación, posto que non se introduce como contidos illados, susceptibles de ser automatizados e como unha axuda máis para a comunicación.

Durante o curso o alumnado permanecerá en pequenos grupos con membros variables para que acaden diferentes destrezas que impliquen o traballo en grupo colaborador como unha forma de adestrar a capacidade de empatía e saber expresar en función do contexto e a intención comunicativa o que pode suceder en situacións reais e cotiás. Nesta área os alumnos deben avanzar no desenvolvemento das habilidades da lingua galega; este agrupamento, ademais dos aspectos anteriores, favorece a comunicación oral. A mestra intervirá constantemente para incentivar este obxectivo primordial na área.

Trimestralmente elaboraremos un proxecto de traballo cooperativo-grupal. Este constitúe unha forma de aprendizaxe significativa, cos que se potencia:

- O respecto cara aos seus compañeiros-as.
- A responsabilidade individual e colectiva.
- A comunicación entre os membros do grupo.
- O reparto de responsabilidades.
- A diversidade enriquecida polas contribucións individuais.
- A análise crítica da información.
- A capacidade de síntese.
- A mellora das aprendizaxes.

Por outra banda, e dentro dos pequenos grupos, promoveremos a ensinanza individualizada na que cada alumno-a traballe na consecución dos obxectivos educativos a un ritmo acorde coas súas capacidades e destrezas. Por iso é importante establecer un plan que os axude a superar a súas dificultades, así como a desenvolver e potenciar as súas habilidades.

Centrarémonos nunha metodoloxía flexible e inclusiva , dotada de técnicas e recursos educativos que mellor se adapten as necesidades particulares dos alumnos.

Dispoñemos ou crearemos materiais didácticos específicos para utilizar en función das condicións concretas de cada neno ou nena, así como para favorecer os obxectivos de mellora que xurdan en cada caso.

Para a familiarización coas contornas comunicativas e sociais que supoñen as TIC e desenvolver a capacidade do alumnado para identificar e comprender algunhas das realidades tecnolóxicas e de comunicación que están presentes no seu entorno, neste 4º nivel avanzaremos na introdución do alumnado no coñecemento e uso do ordenador mediante a súa utilización como recurso didáctico complementario. Os diferentes contidos traballaranse tanto dende o uso das ferramentas tradicionais como na realización de actividades interactivas, comentario de imaxes ou vídeos extraídos de Internet ou co apoio doutros contidos e aplicacións procedentes da web.

Fomento da lectura.

O plan lector do noso centro intenta promover o gusto pola lectura e fomentar o hábito lector entre o alumnado e as familias. Dedicáanse un tempo de vinte minutos diarios á lectura na clase no que todo o centro está a realizar actividades de lecturas nas aulas. Neste tempo pretendemos potenciar a lectura en lingua galega. . Hai, por outra banda, actividades de intercambio lector entre aulas do mesmo nivel ou de niveis diferentes.

Como favorecedor do uso da lingua a biblioteca escolar do centro, elemento fundamental no ensino-aprendizaxe, favorece o seu uso por parte do todo o alumnado e de todo o profesorado. Cada aula ten garantida unha hora semanal para o seu uso exclusivo. Ademais diso, os seus fondos nutren as bibliotecas de aula que poden cambiarse no momento en que o profesorado o considere oportuno. Contamos cun fondo bibliográfico en galego suficiente e en aumento. A competencia lectora do alumnado precisa que os poñamos en contacto con toda a diversidade de textos ao longo da súa escolaridade e que lles ofrezamos os recursos para que poidan interpretalos satisfactoriamente.

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Recursos persoais
Recursos materiais
Recursos tecnolóxicos
Recursos dixitais
Recursos espaciais

RECURSOS PERSOAIS: Formado por todos os profesionais do centro educativo, como son o persoal profesorado titor, mestres especialistas de áreas, especialista en AL e PT, mestra Proa e orientadora . Contamos tamén con recursos persoais externos que colaboran connosco: as familias , concello e persoal doutras institucións.

RECURSOS MATERIAIS: Entre os materiais pódense destacar: textos impresos (Lingua 4. Ed. Xerais), material funxible (cadernos, lapis, folios, cartolinas...), dicionarios, láminas de apoio visual, libros de consulta ...

RECURSOS TECNOLÓXICOS: ordenadores, robots educativos, pizarras dixitais, proxectores, tablets ...

RECURSOS DIXITAIS: aula virtual, versión dixital dos textos, enciclopedias online, vídeos educativos, libros dixitais... Estes recursos poden ser de utilidade para facilitar a adquisición de contidos e reforzar a aprendizaxe.

RECURSOS ESPACIAIS: a propia aula ordinaria, a biblioteca do centro, o patio de recreo, aula de polos creativos, radio escolar, xardín, contorna natural...

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

Realizaremos probas específicas de avaliación inicial destinadas a realizar unha valoración da situación de partida dos alumnos ao inicio do curso, especialmente en caso de non manterse o grupo co/a memo/a titor/a. Estas probas centraranse nos seguintes aspectos:

- Expresión e comprensión orais: Velocidade lectora e comprensión oral para obter a eficacia lectora. Lectura entoativa para o grupo. Lingua vehicular/ dominio da oralidade en galego en comunicación espontánea e motivada.

-Expresión e comprensión escritas: Creación de textos para avaliar a coherencia no contido, corrección da grafía, regras ortográficas e presentación. Diagnóstico de omisións, substitucións, confusións... Ditado e copia de textos.

Proba de comprensión escrita valorando a comprensión implícita, explícita e paratextual. Ilustración comprensiva.

Ademais levaremos a cabo:

- 1.- Observación directa e sistemática dos alumnos (individual e grupal) e guiada coa axuda de documentos específicos para tal fin.
- 2.- Intercambio de información do equipo docente.
- 3.- Revisión do expediente académico.
- 4.- Revisión de expediente en D.O. de habelo.
- 5.- Posible entrevista individual coas familias.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8	UD 9	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	11	11	12	11	11	11	11	11	11	100
Proba escrita	54	55	48	37	38	44	44	48	55	47
Táboa de indicadores	46	45	52	63	62	56	56	52	45	53

Criterios de cualificación:

Á hora de establecer os criterios de cualificación da materia, debemos ter en conta os instrumentos de avaliación marcados nesta programación, estes son as probas escritas e as táboas de indicadores.

As táboas de indicadores serán rúbricas, listas de cotexo ou escalas e listaxes de observación entre outros. A través destas táboas rexistraranse os resultados das actividades diarias, a capacidade de seguir uns pasos ou unhas instrucións, o grao de responsabilidade na execución dos proxectos, o resultado das producións individuais en cadernos, fichas, murais...e grupais así como o respecto polos compañeiros, especialmente aqueles aspectos relacionados cos criterios de avaliación que se indican diferenciados en cada unidade.. Estas taboas de indicadores terán a porcentaxe marcada en cada unidade didáctica para cada criterio de avaliación.

.As probas escritas serán probas obxectivas cualificadas con cuantificadores de 0 a 10: serán exames, as tarefas en fichas, traballos no caderno.Os cales terán a porcentaxe marcada en cada unidade didáctica para cada criterio de avaliación.

Para obter a cualificación de cada unha das unidades didácticas empregaranse os procedementos de avaliación anteriormente citados. Como criterio xeral establecemos os seguintes criterios en cada unidade:

Cualificación trimestral

Probas escritas 50%

Táboa de indicadores de rexistros de aula 50%

Cualificación final

A avaliación do alumnado será continua e global, e terá en conta o seu progreso no conxunto dos procesos de aprendizaxe. Polo tanto o resultado da avaliación corresponderáse coa do 3º trimestre.

Criterios de recuperación:

No contexto deste proceso de avaliación continua, cando o progreso dunha alumna ou dun alumno non sexa o axeitado estableceranse medidas de reforzo educativo. Estas medidas adoptaranse en calquera momento do curso, tan pronto como se detecten as dificultades. Estarán dirixidas a garantir a adquisición das aprendizaxes imprescindibles para continuar o proceso educativo e figuran dentro do referido á atención á diversidade.

As actividades de reforzo ordinario centraranse nas dificultades detectadas en cada alumno-a. Traballarase de forma máis individualiza co alumno-a que precise recuperar axudándoos a identificar, mellorar ou superar a dificultade que ocasionou a non superación da avaliación. As actividades de reforzo serán levadas a cabo polo profesorado que imparte a área e en determinados casos por profesorado con dispoñibilidade horario. No que corresponde a esta área versarán principalmente en:

Fomentar hábitos de atención, organización e constancia no traballo.

Lectura y comprensión lectora.

Expresión escrita.

Técnicas de estudio.

Reforzar a autoestima persoal, escolar e social.

6. Medidas de atención á diversidade

En canto ás medidas de atención á diversidade, debemos ter en conta á hora de levar a cabo esta programación por un lado as medidas ordinarias, así como as medidas extraordinarias, as cales se porán en funcionamento unha vez esgotadas as ordinarias.

Medidas ordinarias de atención á diversidade.

Estas facilitarán a adecuación do currículo prescritivo, sen alteración significativa dos seus obxectivos, dos contidos nin dos criterios de avaliación. Serán as seguintes:

- Reforzo educativo e apoio do profesorado con dispoñibilidade horaria.

As medidas de reforzo educativo debe elaboralas a profesora ou o profesor que impartan a área en que a alumna ou o alumno necesiten esa medida. En caso de profesorado especialista deberá poñelo en coñecemento do profesorado titor, deberá informar á xefatura de estudos e á nai, ao pai ou ás persoas titoras legais do alumnado. O desenvolvemento das medidas de reforzo educativo levará a cabo no contexto escolar ordinario e polo profesorado que imparta a materia. En determinados casos pódese contar coa colaboración de profesorado con dispoñibilidade horaria, que actúa como un apoio xeral á conxunto da aula. Este reforzo só á secuencia de contidos, as formas e os instrumentos de avaliación, a organización da aula, o agrupamento do alumnado e todo o incluído dentro do ámbito da metodoloxía. Está destinado ao alumnado que coa modificación dos elementos citados pode seguir o proceso ordinario de ensino e de aprendizaxe.

- Programas de enriquecemento curricular

En caso de ter alumnado con altas capacidades levaremos a cabo programas de enriquecemento curricular para promover e desenvolver os distintos talentos, dando resposta ás inquietudes, ás potencialidades e ao interese por aprender que manifieste devandito alumnado, e manter o seu nivel de motivación. Desenvolveranse na aula ordinaria e terán como referente o currículo do curso no que estea escolarizado o alumnado con altas capacidades intelectuais. Será o profesorado da materia as actividades e a organización da aula para que a diversidade do alumnado beneficiase desa medida.

- Plan específico de reforzo para o alumnado que permaneza un ano máis neste curso

Organizarase para este alumnado un plan específico de reforzo co fin de atender e superar as dificultades que levaron á súa repetición. Este plan será elaborado polo equipo docente, baixo a coordinación do profesorado titor, e desenvolverase ao longo de todo o curso.

Medidas extraordinarias

Aplicaranse co alumnado con necesidade específica de apoio educativo que poden requirir modificacións significativas do currículo ordinario e/o supoñer cambios esenciais no ámbito organizativo, así como, no seu caso, nos elementos de acceso ao currículo ou na modalidade de escolarización. Aplicaranse unha vez esgotadas as de carácter ordinario ou por resultar estas insuficientes.

- Adaptacións curriculares

Realizaranse en caso de alumnado con necesidades educativas especiais. Supoñerán a modificación, a ampliación, a redución ou a supresión de parte ou todos os elementos prescritivos do currículo. . Para a súa elaboración, previo informe psicopedagóxico, partírase do currículo de referencia de 4º nivel, para chegar ao currículo adaptado, entendido como o que conforma a adaptación curricular que se vai a desenvolver ao longo do ciclo ou curso. Contarase coa intervención de especialista en Pedagogía Terapéutica e Audición e Linguaxe. O apoio deste profesorado centrarase prioritariamente nos ámbitos da comunicación, da linguaxe e do fala. Realizarase, con carácter xeral, dentro da aula ordinaria e fose da aula ordinaria esa atención terá carácter excepcional.

- Atención educativa domiciliaria. Organizarase para o alumnado que deba permanecer convalescente no domicilio por un período de tempo superior a un mes ou aqueles que padezan algunha enfermidade crónica que sexa a causa de faltas de asistencia ao centro de seis ou máis días continuados ao mes dentro dun período mínimo de seis meses.

Atención educativa hospitalaria.

- En caso de Media hospitalización: entre quince e trinta días ou de Curta hospitalización: menos de quince días o profesorado coordinarase co centro hospitalario para as medidas e actividades educativas que leven a cabo.

- Atención educativa virtual. Se temos alumnado que non acuda a clase, como consecuencia dunha emerxencia sanitaria e sexa xustificada a súa ausencia, o profesorado de cada área será o responsable desta atención educativa.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.1 - Comprensión lectora.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.2 - Expresión oral e escrita.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.3 - Comunicación audiovisual.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.4 - Competencia dixital.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.5 - Fomento da creatividade, do espírito científico e do emprendemento.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.6 - Igualdade entre mulleres e homes.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.7 - Educación para a paz.		X		X	X		X	
ET.8 - Educación para o consumo responsable e o desenvolvemento sostible.	X			X				X
ET.9 - Educación para a saúde (incluída a afectivo-sexual).	X	X	X	X	X	X	X	X

	UD 9
ET.1 - Comprensión lectora.	X
ET.2 - Expresión oral e escrita.	X
ET.3 - Comunicación audiovisual.	X
ET.4 - Competencia dixital.	X
ET.5 - Fomento da creatividade, do espírito científico e do emprendemento.	X
ET.6 - Igualdade entre mulleres e homes.	X
ET.7 - Educación para a paz.	
ET.8 - Educación para o consumo responsable e o desenvolvemento sostible.	

	UD 9
ET.9 - Educación para a saúde (incluída a afectivo-sexual).	X

Observacións:

Os temas transversais son contidos que se van a desenvolver a través da maioría de actividades que o alumnado realiza no centro escolar e na aula. Tamén impregnan gran parte dos contidos das unidades desta área.

Son TT continuos nesta área a comprensión lectora e a expresión oral e escrita.

Tratamos comunicación audiovisual e TIC mediante as actividades que realizamos cos medios tecnolóxicos dos que dispoñemos na aula e no centro, que son de uso continuo.

O fomento da creatividade está directamente relacionado coa creación literaria e cos elementos paratextuais da mesma.

Tratamos contidos que abordan problemas en situacións sociais ou culturais mediante variedade de textos, análise da contorna próxima ou da nosa Comunidade nas que se centra esta área. Tratamos da liberdade, xustiza, igualdade e a non discriminación, paz, democracia, respecto e inclusión a partires dos textos que inician cada unidade.

Organizamos a clase en grupos para estimular capacidades múltiples de comunicación, coñecemento mutuo, colaboración, habilidades intelectuais, identidade persoal e autoestima. Tamén favorecer a convivencia, a igualdade de xénero, a prevención da violencia, etc.

Poñemos en practica a igualdade de oportunidades entre nenas e nenos baseándose na igualdade de dereitos e deberes. Evitaremos modelos ou un comportamento propio non estereotipado. Especial mención merece a utilización dunha linguaxe non sexista.

Fomentaremos a prevención e resolución pacífica de conflitos en todos os ámbitos escolares. Nesta mesma liña, promoveremos o respecto, a deportividade no xogo grupal nas actividades lúdicas que se desenvolvan, co obxectivo de previr ou solventar actitudes e condutas disruptivas

Sobrr e TT relacionado coa saúde e os estilos de vida saudables, o coidado do medio ambiente reflexionaremos a través de contidos como gastronomía, paisaxes ... da nosa Comunidade

Promovemos a descrición oral ou escrita e análise de experiencias persoais xa se trate de experiencias escolares ou extraescolares, espontáneas ou provocadas.

A avaliación das aprendizaxes transversais centrarámola nos coñecementos, habilidades e actitudes. Utilizaremos varias técnicas para a recollida de datos: probas escritas para avaliar coñecementos, observación directa e sistemática e de análise de traballos, para avaliar habilidades e actitudes.

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Saídas culturais	Visita a un museo, exposicións...	X	X	X
Saídas á contorna	Nas que coñeceremos os ecosistemas máis próximos.	X	X	X
Charlas formativas	Familias, profesionais de distintos ámbitos laborais, ou outras institucións.	X	X	X
Obradoiros	Relaxación e xestión de emocións, cociña saudable, primeiros auxilios, prácticas saudables no deporte...	X	X	X
Conmemoracións	Recollidas no calendario escolar, como poden ser : Día Mundial da Saúde, do Medio Ambiente, dos Dereitos do Consumidor, Día Internacional da Muller¿	X	X	X

Observacións:

Saídas culturais.

Prográmase unha por cada trimestre:

- Casa Grande de Xanceda no 1º trimestre
- Casa Museo Manuel María e Castro de Viladonga no 2º trimestre.
- Parque de actividades para o 3º trimestre

Saídas á contorna

Varias ao longo do curso pola contorna do colexio: recoller elementos naturais, realizar observacións ...

Charlas formativas

Varias ao longo do curso: reciclaxe, igualdade de xénero, ciberseguridade..

Obradoiros

Varios ao longo do curso: estampación, igualdade de xénero, papel reciclado...

Comemoracións

Varias das sinaladas no calendario escolar

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
A temporalización previa e a organización interna de cada unha das unidades foi adecuado
Metodoloxía empregada
A metodoloxía empregada motivou e favoreceu a comprensión por parte do alumnado.
Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos
A organización grupal, os recantos de actividade na aula favoreceron a aprendizaxe
A proveitamos os recursos dos que dispoñemos para favorecer a aprendizaxe
Medidas de atención á diversidade
Conseguín poñer en practica a atención individualizada a aula con RE a quen o precisa
Clima de traballo na aula
O clima de traballo na aula foi amigable, distendido, atendo e produtivo.
Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais
A reunións co resto do equipo docente e coas familias foron periódicas e positivas.

Descrición:

Neste apartado preténdese promover a reflexión da práctica docente e a autoavaliación da realización e o desenvolvemento da programación didáctica. Para iso, ao finalizar cada unidade didáctica reflexionaremos sobre unha secuencia de preguntas que permitan avaliar o funcionamento do programado na aula e establecer estratexias de mellora para a propia unidade.

Os items relacionados preséntanse en táboas que conteñen unhas casiñas numeradas do 1 ao 5 para valorar o grao de consecución de cada un deles. A continuación analizaranse ao remate de cada avaliación . Este proceso permitirá

unha reflexión sobre a nosa práctica docente e posibilitará a introdución das medidas correctoras necesarias para a mellora do proceso de ensino.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

Trimestralmente farase un seguimento do desenvolvemento da programación na propia aplicación PROENS, previa reunión do profesorado do nivel. A programación debe ser flexible, permitíndonos correxir e modificar aqueles aspectos que non resultasen idóneos na posta en práctica.

Ao remate de cada avaliación, utilizando a información recollida na avaliación sobre o labor docente e os resultados académicos existentes, reuniremonos para a toma de decisións acordada sobre os posibles cambios que precise a nosa programación. As conclusións quedarán recollidas na acta da reunión de ciclo.

Cuestións:

1. Adecuación do deseño das unidades didácticas, temas ou proxectos a partir dos elementos do currículo.
2. Adecuación da secuenciación e da temporalización das unidades didácticas / temas / proxectos.
3. O desenvolvemento da programación respondeu á secuenciación e a temporalización previstas.
4. Adecuación da secuenciación dos estándares para cada unha das unidades, temas ou proxectos.
5. Adecuación do grao mínimo de consecución fixado para cada estándar.
6. Asignación a cada estándar do peso correspondente na cualificación.
7. Vinculación de cada estándar a un ou varios instrumentos para a súa avaliación
8. Asociación de cada estándar cos elementos transversais a desenvolver.
9. Adecuación da secuencia de traballo na aula
10. Adecuación dos materiais didácticos utilizados.
11. Adecuación do plan de avaliación inicial deseñado, incluídas as consecuencias da proba.
12. Adecuación da proba de avaliación inicial, elaborada a partir dos estándares.
13. Adecuación das pautas xerais establecidas para a avaliación continua: probas, traballos, etc
14. Adecuación dos criterios establecidos para a recuperación dun exame e dunha avaliación.
15. Adecuación dos exames, tendo en conta o valor de cada estándar.
16. Adecuación dos programas de apoio, recuperación, etc. vinculados aos estándares.
17. Adecuación das medidas específicas de atención ao alumnado con NEAE.
18. Grao de desenvolvemento das actividades complementarias e extraescolares previstas
19. Adecuación dos mecanismos para informar ás familias sobre criterios de avaliación, estándares e instrumentos.
20. Adecuación dos mecanismos para informar ás familias sobre os criterios de promoción.
21. Adecuación do seguimento e da revisión da programación ao longo do curso.
22. Contribución ao plan de lectura do centro.
23. Grao de integración das TIC no desenvolvemento da materia.

9. Outros apartados